

GALICIA SOCIALISTA

EUZKADI: morte pola liberdade

VOCEIRO DO PARTIDO SOCIALISTA GALEGO



O pobo vasco non cesa na súa loita pola liberdade. Na "Semán pola Amnistía" novas mortes viñeron a se engadir ás xa moitas habidas pola firme decisión popular de existir a liberación dos presos políticos aínda nas cárceres do franquismo.

A loita protagonizada polo pobo vasco non se téñ que entender soio como loita contra un goberno que nega os dereitos das nacionalidades e téñ medo a conceder a amnistía total, senón tamén como rexeitamento do partismo da "comisión claudicadora da oposición" (pra outros, "negociadora") que ben axiña esqueceu algún dos puntos que nun principio establecía como irrenunciábeis pra concorrir ás eleccións : a AMNISTIA TOTAL e a legalización de tódolos partidos.

Hoxe, de novo, o pobo vasco amosou a súa decidida vontade de conquistar o que en xusticia lle corresponde e o Goberno non parece disposto a conceder, pese ás boas palabras e as promesas do Sr. Suárez -nunca desdidas- de que en Nadal tódolos presos estarían xa na súa casa.

A amnistía plena é xa inaplazable. Pra rematar os conflitos nunha sociedade, non bastan as chamadas á serenidade e ó orde -típicas do franquismo- senón que hai que buscar solucións.

Os feitos son moi graves. Diante deles, o PARTIDO SOCIALISTA GALEGO, foi a primeira forza política de Galicia que censurou públicamente as medidas adoptadas polo goberno, acordando "remitir un telegrama á Comisión Pro-Amnistía do pobo vasco, e gardar un minuto de silencio nos actos do partido destes días, en memoria dos mortos na defensa das reivindicacións dos dereitos dos pobos".

antón vilar ponte : a loita pola fala



VILAR PONTE



¡NON A AUTOPISTA DO CAPITAL!

por qué apoiamos ó S.A.G.A. (sindicato agrario galego)

FRENTE LABREGO DO P.S.G.

Compre sinalar, denantes de nada, - que os labregos militantes do P.S.G. veñen desenrolando a súa labouira, polo -- que atingue ó eido sindical, nas "Comisións Labregas Terra", o que supón, por suposto, o apoio do noso partido a este xeremolo sindical.

No derradeiro outono, e cavilando - na liberdade sindical que se escomenzaba a cheirar, as C.C.L.L.-TERRA tentaron trocar os que deica entón non eran máis que xeremolos sindicais nun verdadeiro sindicato labrego, coas condicións irrenunciabíles de ser: UNICO, GALEGO, -- INDEPENDENTE, DEMOCRÁTICO e DE CLASE. - Esta idea fíllese proposta ás outras organizacións que operaban no agro, e por suposto o noso partido acolléuna moi favorablemente por ser un bon paso cara á unidade sindical que nós anceíamos.

Pero aínda que todo escomenzou moi ben, non foi posible levalo a cabo. Primeiro foron as "Comisións Campesinas", - que se autoescluíron porque seica non tiñan moi claro aquilo de único (ou seña, sin tendencias organizadas dentro do sindicato), de clase, e máis galego. Despois fixeron o mesmo as C.C.L.L. --- FOUCE, poñéndose a costruír pola súa - conta un sindicato, e decindo cousas - como que "os comités de apoio eran españoлисты", "que non había tales independentes" e tal e qué sei eu.

Deste xeito, seguiron os labregos-independentes e máis os integrados nas C.C.L.L.-TERRA traballando na cousa, --

pra rematar lanzando o SINDICATO AGRARIO GALEGO (S.A.G.A.).

Pero, ó que íbamos, ¿Por qué o --- P.S.G. apoia ó S.A.G.A.?:

Apoiamos ó SAGA porque é o sindicato labrego que máis se axeita á liña - sindical que defende o noso partido.

Apoiamos ó SAGA, pois aínda non renunciou a loitar pola unidade dos labregos galegos, e o de único sigue tendo senso porque as portas siguen abertas a tódolos labregos que queiran facer o seu sindicato eles mesmos, sin - interferencias alleas.

Apoiamos ó SAGA, pois é o máis independente dos partidos políticos, sendo de todos conocida a variedade da -- xente que traballa no seu lanzamento.

Apoiamos ó SAGA, con este nome provisional, xa que o que se pretende é - implantarse no máximo número de labregos pra que eles, no outono vindeiro, - se xunten nun Congreso Constituínte e fagan eles mesmos o seu sindicato, ó - seu xeito.

E apoiamos ó SAGA porque a xente - que está traballando nel sabe moi ben - que está facendo un sindicato de clase e verdadeiramente galego, e non unha - sucursal dun sindicato do Estado Español, xa que os nosos problemas son distintos dos do resto de Estado, e calquera organización que queira loitar - por amañalos téñen que ser soberana.



BALDAIO: o capital rouba sempre

A sociedade Baldaio S.A., constituída por José Canedo Palleiro e máis Manuel Gesto Barbeito, ten ocupada na marisma de Baldaio máis de 2 millóns de m². Primeiro pecharon a marisma e adicáronse á area pra venderen ás empresas constructoras, máis logo pecharon a marisma ós mariscadores e mesmo tamén tódolos arredores, impedindo incruso que os pescadores foran ás rocas.

A xente do pobo botou abaixo os cartéis de "prohibido el paso" "prohibido mariscar", e daquela entróu en escea a garda civil, comenzaron as multas, as citacións ó cuartelillo, a represión.

Agora se descobre que a concesión privada é ilegal, porque a lexislación actual só permite concesións privadas de 60.000 m², cando ésta ten 2 millóns. Amáis desto, a concesión aparece otorgada pra "piscicultura e moluscultura", actividades que nunca se realizaron na superficie concedida dende 1948, data na que foi otorgada.

Unha vez máis o capital e o intrínseco rouba unha propiedade social e comunal, destruindo o medio de vida de moitas familias, destruindo o medio natural e ecolóxico (co peche da marisma, cada vez hai menos especies de aves, mariscos e peixes, e agora reinan alí os mosquiteiros), e utiliza coma sempre ós corpos armados pra represión das protestas populares.

¿HASTA CANDO?

RIANXO: polo marisqueo racional e comunal

De novo o problema do marisqueo furtivo e a falla de vixilancia ameazan con afundir aos auténticos traballadores.

Os mariscadores de Rianxo tiveron que ir faenar ao Lombo do Ulla, en veda e no medio do día, diante das Autoridades da Mariña, pra lles amosaren a súa decisión de impedir que outros, por desgracia mariscadores coma eles, sigan a mariscar no tempo da veda furtivamente e ao cabo, esnaquicen a riqueza dos bancos naturais.

Os de Rianxo queren explotacións racionais e comunais, dirixidas conxuntamente por técnicos e traballadores, aportando cadanseus coñecementos. O seu Patrón Maior Xosé Bravo (un dos poucos elixidos democráticamente na ría), ten

espresado varias veces a súa oposición ás concesións privadas e mesmo familiares ou cooperativas, senón son controladas por tódolos mariscadores. "A ría é de todos -d- e si a traballáramos todos, sen competencias nen xenreiras --- dunhas Cofradías con outras, se houbera auténtica cooperación, todos viviríamos ben co froito do noso traballo. A ría ten unha enorme riqueza, que de seguir así esgotaremos e destruíremos."

SOIO A UNIDADE DOS TRABALLADORES FA RA POSIBLE SAIR DA MISERIA E COMBATIR A OPRESION.

SOIO A PROPIEDAD COLECTIVA DAS --- RIAS E O TRABALLO EN COMUN PERMITIRA RACIONALIZAR A ESLOTACION DO MARISQUEO.

SOIO UNHA AUTENTICA PLANIFICACION DO MARISQUEO, DIRIXIDA E CONTROLADA POL OS PROPIOS MARISCADORES, MODERNIZARA E AUMENTARA O SEU NIVEL DE VIDA.

SOIO UN GOBERNO GALEGO SOCIALISTA CONSEGUIRA UNHA GALICIA PRA OS TRABALLADORES.



O GROVE: por unha Cofradía democrática

Máis de 120 firmas de mariscadores e mariñeiros do Grove levaba un escrito presentado ó actual Patrón Maior, nunha concentración que tivemos o derradeiro día de Abril diante da Cofradía.

Outro escrito vai ser entregado ao Axudante de Mariña, pedíndolle ou ben protección eficaz (que non pode nen lle interesa dar), ou ben autorización pra defensa das praias polos nosos propios medios.

PERO NAMENTRAS OS MARINEIROS NON TEMAMOS UN SINDICATO PRA DEFENDER OS NOSTROS DEREITOS UNIDOS? E NAMENTRAS NON TEMAMOS NOS MESMOS OS NOSTROS PROPIOS MEDIOS DE VIXIANCIA POPULAR DOS BANCOS NATURAIS E ESLOTACIONS COLECTIVAS DO MARISQUEO, POU CO CASO FARAN DE NOS AS AUTORIDADES, QUE SEMPRE ESTIVERON A DEFENDER OUTROS INTERESES.

AS LOITAS POPULARES CREAN CONCIENCIA DE UNION, LOITEMOS POLO SINDICATO UNICO DOS TRABALLADORES DO MAR, MARINEIROS, MARISCADORES E BATEEIROS GALEGOS.

AS PONTES...

A TERMICA DAS PONTES : O PELIGRO QUE NON CESA

O 25 de abril, esta vez nas Pontes, tamén foi unha data de moito siñificado. No serán deste día descubréuse unha forte fuga radioactiva. Resulta que o equipo de grammagrafía que se gardaba no local que tiña pra esolevárono, non sabemos moi ben as razóns, ás Oficinas de Montaxe Mecánico. Parece que a pastilla radioactiva non quedou ben aillada no interior do equipo i estivo emitindo radiación todo o domingo e boa parte do luns, polo que se supón que afectou ás 50 persoas que, máis ou menos, traballan nesas oficinas.

O día 27 "La Voz de Galicia" recollía como rumor a posible contaminación radioactiva do personal de Endesa, e ó día seguinte os xornais de Galicia e moitos de fora dela publicaban ampla información recalcando o interés da empresa en evitar calquera alarmismo sobor do problema, intentando que os obreiros gardaran silencio.


Os días 28 e 29 publicou Endesa as listas de personal "posiblemente afectado". Compre destacar o feito de que en ningunha delas aparecera o transportista que levara o aparato (duns 28 kilos de peso) ó lombo, e que logo nunha xuntanza de traballadores de Endesa afirmouse que recibira --- unha descarga de 50 Rems. Pra que se poida facer unha comparanza, considérese que a máxima radiación que pode tolerar o organismo humano é de 18,75 Rems. nas partes externas e 3,25 Rems. nas internas.

Nós sabemos que o personal afectado terá que facer análises de sangue e de orina ó longo dun ano, mensualmente. Non temos aínda datos dabondo pra valorar a gravidade deste accidente, pero o que queda moi claro é a falla de seguridade que se amosou nun traballo tan peligroso. Unha nova chata que sumar ós sistemas de seguridade da empresa, xa lamentablemente famosa polo elevado número de mortes.

A xente anda abraiaada diante dunha fuga radioactiva nunha Central Térmica, e o pantasma da central nuclear medra despóis deste feito. Unha pregunta moi repetida nestes días na rúa era: ¿Qué pasaría nunha Central Nuclear?


Nós non podemos responder, pero sí imaxinálo.....

...OUTRA VEZ




XOVE

XOVE : NUCLEARIZACION RESPOTADA



O día 10 de abril, o pobo galego deixou ben clara a súa opinión encol do intento de construción en Xove dunha Central Nuclear. Máis de 5.000 -- personas andiveron de Viveiro a Xove pra amosar o seu rexeitamento dese -- proxecto.

Aparte duns lamentables incidentes que racharon ó remate o tono unita -- rio que tivera a marcha, ésta valíu moí ben pra deixar ben claro diante -- de quén queira ollalo que os galegos queremos unha industrialización real -- mente axeitada ás nosas necesidades, e non ás do gran capital. Si nunca -- "xove" a gusto de todos, que polo menos "xova" a gusto da gran maioría, e non dunha minoría explotadora.



CONGRESO 77 II XORNADAS



Os días 23 e 24 de abril celebráronse en Lugo as II XORNADAS DO CONGRESO - 77 do noso partido, nas que se tomaron importantes decisións encol da nosa Política Táctica e Sindical.

No referente á Política Táctica, reafirmóuse o noso entendimento de que a unidade dos socialistas, en Galicia, ten que pasar pola asunción inequívoca da realidade nacional galega, no camiño de construción dunha sociedade socialista.

No tocantes á Política Sindical, decídiuse o total apoio ó espallamento -- dos FRENTE DE TRABALLADORES GALEGOS -- (F.T.G.), no camiño de construír unha -- única Central Sindical Galega.

Rematáronse as Xornadas cos cantos de himnos e berros de ¡Viva Galicia Ceibe e Socialista!.



en galicia emigran

os homes

os cartos

a electricidade...

pra que non emigre
o teu voto

VOTA **PSG**



O PARTIDO DOS SOCIALISTAS GALEGOS

ANTÓN VILAR PONTE



A LOITA POLA FALA

O nacionalismo non se discute: ou - se sinte ou se rechaza. E eu asegúrovos que ningún galego de alma libre, pode - deixar de ser nacionalista se afonda na súa conciencia e na conciencia do seu - pobo".

(A. VILAR PONTE)

A loita do pobo galego por acadar - as súas liberdades é unha constante ó - longo da nosa Historia, e non unha chea de episodios aillados, con maior ou menor significación, como nos tentan facer creer. Este esforzo do pobo galego por manter a súa identidade socio-cultural reafírmase, xustamente, cando esa identidade atopa os canles axeitados prá - súa expresión ou, pola contra, cando - se haxa en perigo de ser destruída.

Unha ampla sucesión de feitos históricos, xa dende o fero encontro no monte Medulio contra das lexións románs (portadoras dos primeiros "fascios" como símbolos de dominación), pasando polas revoltas "irmandiñas" dos s. XII e XV fronte das estruturas de poder asoballante producidas polo feudalismo eclesiástico e civil na Galicia, hastra as revoltas do 1843 e a Asamblea Federal de Lugo, e, logo, o pronunciamento militar do 1846, e así como a Asamblea Federal de Santiago do 1873, deica os movementos agraristas e as Asambleas Agrarias de Monforte e Tui dos anos 1908, 1909 e 1911, deixan ben claro, pra quen conoza o noso pasado denanterior ó Estatuto do 1936, esa actitude firme do noso pobo que teimou por completar, a cada paso, o rol das súas reivindicacións nacionais.

E si esto foi así respecto dos movementos populares que se producen e reproducen conforme ás condicións relativas á súa época e aínda logo de fortes represións, parello foi tamén o proceso progresivo de reconstrución da conciencia nacional dende os plantexamentos da etapa "provincialista" formulados por Antolín Faraldo e, subseguintemente do "rexionalismo" promovido por Alfredo Brañas, hastra o desenvolvemento das doutrinas netamente "nacionalistas" espalladas polas "Irmandades da Fala" constituídas na Cruña o 18 de maio do 1916 a iniciativa de Antón Vilar Ponte e que recolleron ós derradeiros rexionalistas e a unha promoción de xente moza decidida a rexudir a personalidade total da

Galicia. Deste xeito, "provincialismo", "rexionalismo" e "nacionalismo" son posicións que temos de contemplar como integrantes dun mesmo todo no que se constrúe a loita de Galicia polas súas liberdades.

Referirnos hoxe a Antón Vilar Ponte é referirnos tamén a esa afirmación da nosa lingua que caracterizou fundamentalmente á actuación das "Irmandades da Fala" en relación cos movementos precedentes. A redención da nosa fala e a liberdade da nosa Terra, son pra Vilar Ponte os guieiros que han orientar a súa obra política e cultural.

Nado en Viveiro no 1881 no seo dunha familia conservadora e vilega, fixo estudos de Farmacia en Compostela e deu, daquela, en comenzo a súa actividade xornalística como medio axeitado á súa loita anticaciquil e mesmo pra espallar o seu ideal republicán e federal tan afincado xa na súa mocidade.

A formación inicial galeguista de Antón Vilar Ponte parece ter xurrido da súa amizade co poeta Leiras Pulpeiro e da toma de contacto coa realidade popular, vítima dos caciques ó servizo do centralismo e do capitalismo, durante a súa estancia en Foz denantes de emigrar á illa de Cuba. Corresponsal, despois, en Lisboa descobre a importancia da lingua na realización dos pobos e da situación de inferioridade do noso idioma provocada polo Poder central como un instrumento necesario pra súa acción dinamadora.

Constituídas as "Irmandades da Fala" na Cruña, o ano 1918 tivo lugar en Lugo a primeira Asamblea Nacionalista, na que se estruturou xa o programa político do nacionalismo galego. Promoveu a constitución da Organización Republicana Autónoma Galega (ORGA) que integraría o republicanismo con algún sector nacionalista e asistiría cono forza galega propiamente dita á negociación do Pacto de San Sebastián entre as forzas de esquerda do Estado español.

No 1934 e por mor das desviacións que na ORGA producirán tanto Casares Quiroga coma os seus seguidores, Antón Vilar Ponte deixa esta vía política e ingresa no Partido Galeguista, sendo elixido deputado galeguista poucos días denantes de morrer o día 2 de marzo de 1936.

A súa obra escrita abrangueu unha dimensión política que se centra no

ideario nacionalista: "Nacionalismo galego: a nosa afirmación rexional" e --- unha chea innumerable de artigos e conferencias recollidas no volume "Pensamento e Sementeira" editado polo Centro Galego de Bós Aires. Na dimensión cultural, a súa obra de creación atopou expresión no xénero teatral ó que deu un gran pulo no aspecto social e anticaciquil: "A patria do labrego", "Entre --- dous abismos" e "Almas mortas" entre outras obras publicadas.

Hoxendía, Antón Vilar Ponte, lembra do loitador da Fala e a liberdade, estaría decididamente a carón dos galegos que non renunciamos ó proceso de autodefinición do noso pobo e á inmediata normalización da nosa lingua.



A nosa lingua é o camiño de ouro da nosa redención e do noso progreso; sin a lingua morreremos como pobo, nada significaremos endexandis na cultura universal. Se o galego quer ser máis que habitante dun territorio, se arela ser un factor de universalidade e de cosmopolitismo, somente co emprego da lingua propia, obra da natureza, poderá sê-lo. Arrengando da lingua terá de avergoñarse sempre de si mesmo. Creando valores na lingua propia, axiña seremos universais.

O ACIDENTE DA RÚA. ¿QUÉN TEN A CULPA?

Unha ducia de cativos (entre 6 e 14 anos) e máis o conductor do autobús resultaron mortos, e 19 cativos feridos no trágico accidente que tivo lugar o 19 de abril no termo municipal da Rúa.

Diante desto, podemos facernos algunha pregunta:

¿Cómo é posible que o autobús que levaba ós nenos tivera máis de vinte anos de servizo?, ou:

¿Qué se fixo cos 150 millóns de pesetas que se destinaron pra amañar a carreteira fai xa nove meses?.

Pero nós pensamos que o problema é moito máis fondo, e que o que onte pasou na Rúa pode pasar mañán ou pasado en calquer outro pobo galego. Habería que se perguntar:

¿Por qué están dese xeito a meirande parte das nosas carreteiras, e - se van gastar tantos millóns nunha Autopista?

¿Por qué non se fan Hospitales Comarcales, que poidan atender as necesidades sanitarias das bisbarras, no número preciso e cos medios que fagan falla?

¿Son axeitadas á realidade galega ás "Concentracións Escolares" existentes?

Pra atopar unha resposta válida, remataríamos na cuestión do por qué - non temos os galegos un goberno que, conociendo millor a nosa realidade, - poida amañar os nosos problemas. E pra chegar a telo, por suposto, non podemos ollar ó ceo por si cae del, senón traballar pra conquerilo.

PRESENTACIÓN DO COMITÉ UNIVERSITARIO DO P.S.G.

O 9 de maio tivo lugar en Santiago unha roda de prensa na que o Comité da Universidade do noso partido presentou- ós medios informativos a súa alternativa diante dos problemas universitarios.

Comenzou falando o segredario de -- Organización, Calros L. Rodríguez, da -- necesidade dun fondo vencello da Univer- sidade coa realidade na que se asenta, -- pra que non seña mero instrumento repro- ductor da ideoloxía dominante e máis da vontade do noso partido de non levar -- unha loita vangardista, minoritaria, se- nón de tódolos estudantes.

Logo, María do Carmo Loureiro, se- gredaria de relacións exteriores, refi- réuse á necesidade dun Sindicato de Es- tudantes que seña galego, único, de ba- se asamblearia e independente dos parti- dos políticos e tódalas autoridades.

Bonifacio Borreiros, segredario po- lítico, criticou a non legalización de- tódolos partidos e o non dreito ó voto- dende os 18 anos, e pediu ós universi- tarios que apoién co seu voto un poder -- galego que supoña unha estrutura fede- ral do Estado español.

Pra rematar, Salvador Rei, represen- tante de Medicina, propuxo algunhas me- didas cara á necesaria reforma da Uni- versidade: claustros representativos, --



xuntas de Facultade nas que estean re- presentados paritariamente os profesos- res, estudantes e personal non docente; oficialización xa do idioma galego; no- va política de becas; derogación do -- "decreto das catro convocatorias"; non- ás cátedras vitalicias; necesidade de- creación de novos centros (Veterinaria, Inxenierías; A.T.S. como Escola Univer- sitaria.....)

XORNADAS "FRUSTRADAS" DE HISTORIA DE GALICIA

Pola primeira semán de Maio saíron- á rúa uns "posters" anuncio das "Xornadas de Historia de Galicia", neles víase un paisano cunha maleta, camiño doutros lares, e dúas frases que remataban o cartel: "contra a degradación do ensino" "por unha historia galega e científica".

Pro todo o esforzo que o fato de rapaces de 40 e 50 de Xeografía e Historia fixeron pra levar adiante estas Xornadas, veu abaixo por unha serie de --- atrancos burocráticos.

Conclusión: as Xornadas suspendéronse.

Istos atrancos céntranse:

- Na actitude do Sr. Decano da Facultade de Xeografía e Historia que se negou a conceder aulas pra istas xornadas.

- A actitude do Sr. Vicerrector deixando os alumnos sen resposta, cando a necesitaban; anque hai que recoñecer --- que iste señor concedéulles vinte mil pesetas pra orgaizar os actos.

- A negativa a concederlles o Parainfo que hai na Facultade, cando logo-certos "alemanes" si o empregaron.

As Xornadas tentaban ser un paso --- máis na consecución dunha Historia de Galicia, un "compromiso cara a conquistar unha Historia de Galicia e pra Galicia".

xornadas
de historia
de galicia

santiago maio 77



contra a degradación do
ensino
por unha historia galega
e científica

No documento feito polos rapaces es poñíase moi ben o por qué destas Xornadas. Decíase alí, por exemplo, que:

"Agrávase o control ideolóxico coa colonización cultural de Galicia observable no eido da Historia: é a historia de todo menos de Galicia..... A historia é no fundamental a historia do asoballamento do noso pobo...."

O total de quince conferenciantes --- que figuraban no programa quedaron, xa-que logo, coa boca pechada, por "obra e gracia" do manifesto autoritarismo de --- certos xefes de departamento.

¿CANDO TERAN OS ESTUDANTES GALEGOS A --- SUA PROPIA UNIVERSIDADE?.



AS I XORNADAS DA SANIDADE GALEGA

O remate do mes de abril celebráronse na Facultade de Medicina, en Santiago, as "I Xornadas da Sanidade Galega", organizadas por estudantes da Facultade e cun mínimo apoio dos órganos de goberno da mesma. Participaron nelas traballadores da Sanidade de toda Galicia, e tratáronse os diferentes aspectos da Sanidade: medicina rural, urbana, medicina i ensino, etc. Na xornada final, diversos partidos (entre eles o noso) presentaron a súa alternativa sanitaria.

A conclusión que pode sacar calquera asistente ás Xornadas é a falla de --- axeitamento da sanidade ás necesidades-galegas, claramente manifestada no total esquecemento da medicina preventiva (consecuencias: bocio, meningitis, --- raquitismos...), a total falla de estruturação da medicina rural, a insuficiencia dos centros hospitalarios e a --- súa concentración nas cidades, etc. Da Seguridade Social, xa millor non falar.

Esperemos que estas Xornadas non se --- ñan máis que un primeiro paso no camiño cara a conquistar unha planificación racional da sanidade galega, feita daco- --- do das necesidades do pobo galego e non de intreses alleos, que ben pousen --- que ver con elas.

NOVAS·NOVAS·NOVAS·NO

O pasado xoves, día 5 de Maio, tivo lugar en Ribadeo o mitín de presentación do Partido Socialista Galego en aquela zona da Mariña de Lugo.

No acto, celebrado na sala de festas Rosa-Lar e ca asistencia dunhas --- seiscentas persoas, fixeron uso da palabra o Secretario Local de Coordinación e máis Beiras Torrado, catedrático da Universidade, da Agrupación de Santiago e Bustabad Suárez, traballador da E.N. Bazán, da Agrupación do Ferrol, esbozando diversos aspectos do programa do Partido, así coma a necesidade de dotar ao socialismo galego dunha entidade propia, dun camiño propio cara ó socialismo, distinguindo moi ben entre "socialismo en Galicia" feito por organizacións sucursalistas e "socialismo galego" feito por e pra os galegos o cal -- non sería posible sin un partido socialista auténticamente galego: o P.S.G.

Rematadas as intervencións dos oradores, abríuse un coloquio no que os -- asistentes fixeron preguntas, algunhas sobre aspectos concretos do Programa do P.S.G. e outras sobre aspectos máis xerais relativos á estratexia do Partido.

É de destacar que este acto foi o primeiro mitín de esquerdas que se deu en Ribadeo dende o ano 1936 e que tanto polo seu contido como pola organización causou moi boa impresión nos veciños da bisbarra.



Compañeiros de Villalba (Lugo) comunicáronnos que ás poucas horas de colocar uns carteles do noso partido, legales, a meirande parte deles desapareceron. Non teñen nin idea de quen os retirou, pero o que sí parece claro é que o que o fixo ten un xeito moi particular de entender o que é a democracia.

Casualmente, atopábase naqueles --- días na vila o señor Fraga Iribarne, e hai que dí que cecais non lle gustaron moito os carteles a algúns dos seus seguidores. Nós, nin idea do choio....

O sábado, 29 de abril, foron detidos na Cruña (xunto a afiliados doutros partidos) os nosos compañeiros Xosé --- Luís Rodríguez Pardo e Sabela Vázquez Fandiño, cando se atopaban espallando na rúa a prensa do partido e un comunicado conxunto solicitando a inmediata --- legalización de tódolos partidos, suscrita polas seguintes forzas: PTE, LCR, ORT, PSOE, UGT, MCG, PSPG, PCG e PSG.

Estas detencións son unha proba --- máis de que a democracia e a liberdade de expresión aínda non chegaron, por --- máis que algunhas persoas se empeñen en amosalo.



Tamén en Vilagarcía Fraga amosounos as esencias da "súa democracia"; ó entrar Fraga, Fernández de la Mora, e --- Puig Gaité no local onde tiña de celebrarse o mitín de A.P., e como un grupo de xente manifestábase a súa discrepancia con algúns asubíos, o seu servizo de --- orde desencadeou sobre o público, indiscriminadamente, unha serie de golpes --- con porras e cadeas producindo varios --- feridos, desmaios, etc.

Ante a "democracia" que alí se respiraba, o pobo de Vilagarcía decidiu re-

tirarse manifestándose a continuación --- pola rúa.

Pola noite a ADA (Asamblea Democrática de Arousa) deu á prensa un --- comunicado condenando istes feitos.
 UNP
 Hemeroteca General
 CEDOC

OVAS · NOVAS · NOVAS · NOV

Recentemente, tivo lugar en Poio -- (Pontevedra) o XV COLOQUIO GALEGO DE -- CRISTIANS, coa asistencia dunhas 120 -- personas. Tratouse o tema: "O cristián -- ante as eleccións políticas", e ó remate elaborouse un documento recollendo as -- conclusións obtidas. Parécenos moi inte -- resante recoller eiquí un dos párrafos -- do documento:

"Rexeitamos aquelas opcións políti -- cas que tenden a conservar a sociedade -- de clases do capitalismo e que se opo -- ñen ós dereitos nacionais de Galicia.. -- concrétanse neste intre en: Alianza Na -- cional 18 de Julio, Alianza Popular, -- Unión de Centro Democrático.... A nosa -- opción concrétase, polo tanto, nos ou -- tros partidos e coalicións que presen -- tan unha alternativa socialista e loit -- tan ó mesmo tempo por rachar a situa -- ción de dependencia en Galicia".

O día 5 de maio presentouse o noso -- partido en Ourense, na asociación cultu -- ral "Albor", do conocido barrio do --- Couto.

Falaron Salvador Rei e Carlos Martí -- nez (ambolosdous candidatos ó Congreso -- por Ourense) da liña xeral do partido, -- centrándose logo na política do partido -- encol do Sector Agrario e da Planifica -- ción Urbana.

O noso compañeiro SIRO, candidato ó -- Congreso pola provincia da Cruña, rema -- ta de ser amnistiado; por isto non terá -- lugar o Consello de Guerra previsto, no -- que lle podían caer hastra seis anos de -- cadea.

O Consello de Guerra abríuselle por -- un chiste publicado no "Ideal Gallego", -- no que recollía o famoso discurso final -- de "El Gran Dictador".

O martes, 10 de maio, encadeáronse -- tres rapaces nas escaleiras da Plaza -- das Platerías, en Santiago, pra chamar -- a atención da opinión pública sobor do -- problema dos obxectores de conciencia.

Ben pouco durou o seu intento, xa -- que a forza pública fixo inmediato acto -- de presenza, disolvendo espectacular -- mente a unhas 200 personas que apoiaban -- as reivindicacións dos tres compañeiros -- que foron detidos e levados á Comisaría -- Santiaguesa.

Tamén en San Saturnino (O Ferrol), -- compañeiros nosos espuxeron a nosa con -- cepción de que é o socialismo en Gali -- cia. Dun xeito sinxelo, espresáronse as -- ideas básicas que inspiran a acutación -- do P.S.G. dende o seu nacemento.

AVISO

Prégase a quen entenda o qué é ir - nunha candidatura de "independente polo centro" no lo comunique en canto poida - á Redación.

UNHA CANTIGA GALEGA, HOXE DE ACTUALIDADE

Por decir iviva San Roquei
prenderon a meu hirmán,
e agora que xa o soltaron
iviva San Roque i o caní

TRANGALLADAS



A XOIA DO MES

"Los niños de la montaña no tienen por qué estudiar".

(Eudoxia Sáenz, inspectora de E.X.B. en Lugo).

VAI DE AVIONETAS

O Sr. Gonzáles (don Felipe) e o Sr. Tierno Galván teñen xa dispostas as --- súas avionetas prâ campaña electoral. - Pra saber si o P.S.G. tiña pensado facer o mesmo, puxémonos en contacto con fontes oficiosas (pero xeralmente ben - informadas), e dixéronnos que non, que ese é un dos problemas (e dos máis cativos) do querer ocupar escesivo espacio - un solo partido.....

E FRAGA ¿QUE?

Agora que xa voltou o Sr. Fraga por Galicia, non ven de máis lembrarse do - que fixera o derradeiro día da súa de- - nantior estancia aquí.

Era 10 de abril, día da "marcha de - Xove". Atopábase o Sr. Fraga xugando ó - dominó nun bar villalbés polo serán, e tiveron lugar dous feitos sinificativos:

-A volta de Xove, ó paso por Villal - ba, algúns dos manifestantes lle "ento - naron" ó señor Fraga unhas coplas dian - te da súa casa (xa que en Xove non o -- poideran facer, porque debéuse esquen - cer de ir o señor Fraga, defensor de -- sempre dos intereses galegos).

-Un militante comunista entregoulle un comunicado alusivo á legalización do P.C.E. Fraga colléuno e gardóuno. As -- dúas horas, esperando o tren pra Madrí, facía en Lugo as conocidas declaracións encol do "auténtico golpe de Estado" -- que tal medida representaba.

¡Vaia día, don Manuel....!

O P.S.O.E. E AS "REXIONS"

Leído en "El Socialista": "Galicia, - una de las regiones más ricas de este - país..."

Aforramos os comentarios. Sóio de - cir que nós temos moi claro que Galicia é unha nación, falemos dela aquí ou en Madrí.

En canto á riqueza, convínha pregun - tar: ¿En proveito de quen...?

Os "patróns do negocio" saben esto, moi ben ademais, e tentan silencialo - ofrecendo mundos e parafundos que rodarán como luceiros pola "autopista rentadora". Que logo, dín, virá o desenvolvemento, e a industria, e a riqueza e o turismo.... pero hai moita mentira de Caín nestas caridades sin precio.

En primeiro lugar, autopista e desenvolvemento non son dous conceptos que poidan ir en velleiros sempre e sin condicións; pola contra: autopista poder ser antidesenvolvemento si non aparece correctamente integrada nun plan xeral de desenvolvemento no que ela mesma seña concebida como medio e non como obxectivo. Tamén producir moito pode ser moi bono, pero nembargantes as crises máis graves do capitalismo son precisamente crises de sobreprodución.

Agora ben, en qué plan de desenvolvemento da economía galega está abranguida a "Autopista del Atlántico"? E debe ficar suñado que un plan de desenvolvemento da economía galega debe partir da concepción de Galicia como unidade de análise e atención de necesidades. --- Dende ese punto de vista, ¿cáles son as necesidades que ten hoxe plantexadas Galicia (subdesenvolvemento, emigración, esnaquizamento cultural, insuficiencia e desartellamento industrial, crise agraria, dependencia económica, etc.) e

cales as que ven a resolver a construción da "Autopista del Atlántico"?

A "Autopista" constrúese precisamente dentro da franxa costeira do país, xa de seu máis desenvolvida (e tamén a máis ameazada de agresións irresponsables). ¿Qué pasa entón ca zona interior do país? ¿Qué pasa cas grandes zonas aínda inconexas de Galicia? ¿Qué "mercado" se está atendendo a creación dun mercado interno galego que espalle polo país as posibilidades de produción e consumo, ou o fortalecemento de mercado español, monopolista e alleo, que xoga como un marco de penetración e asoballamento colonial?

Despois de todo isto, que descubre a "filosofía" maura da "Autopista", -- nin tan siquer hai argumentos pra facerlle unha defensa puramente económica. Os países que foron adiantados na construción de autopistas dixeron -- que xa non era unha solución valedía: o tren eléctrico resulta máis capaz, -- máis rápido, rendable, seguro e limpo.

Pero as concesionarias pensan que aínda sigue sendo un grandioso negocio. E velahí a diferenza de opinións: mal pra estes, negocio pra aqueles.

Non hai dúbida entón: a "Autopista del Atlántico" é a mina dos "negociantes", é a "autopista do capital". Nada máis. O demais son contos.



ELEUTERIO GONZALEZ SALGADO

-MESTRE REPRESALIADO E ENCARCELADO

-MEMBRO FUNDADOR DO P.S.G.

FINÓU EN OURENSE O 29 DE MARZO DE 1977

!COMPAÑEIRO, SIGUES CONNOSCO!

A "AUTOPISTA DEL ATLANTICO":



A amenaza da "Autopista del Atlántico" está pendurada sobor de Galicia como un miñado que asexo no ar teimosa mente confiado nas posibilidades de acadar unha presa. O cruel paxaro coñece moi ben as escasas defensas das súas vítimas. As concesionarias da -- "Autopista del Atlántico" tamén saben que os galegos afectados polo seu voar teñen escasísimas defensas. Os desiguais medios de loita deixan ben sulinado o mor das desventaxas: a innegable supremacía da potencia económica e política das concesionarias.

O procedemento de urxencia que protexe ó formalismo expropiador, empregado sómente nas épocas da postguerra -- pra unha reconstrución desesperada do grandioso esnaquizamento bélico, avala aínda máis ó todopoderoso avanzar da -- "Autopista". Obedece a necesidades públicas, díse, e xa que logo, ninguén se pode opoñer á espropiación, nin de nantes nin de pór de despois do correspondente -- pago compensatorio. Isto significa que as máquinas destragadoras tiran pra -- diante sen medo nin reparos. Os afecta

dos sómente teñen a alternativa de -- opoñerse físicamente a espoliación. -- Nin a moral nin a lei protexen as súas queixas.

Xa esto abundaría pra xustificar -- un decidido xulgo negativo encol do -- "xusto proceder" das concesionarias, e mesmo da Administración, que lles -- presta un apoio incondicional. Esta maneira de facer, noventa de seu, é puramente caciquil. ¿Ou é que se lles pode impoñer por decreto ós pobos a conquista da súa felicidade?. E ben doado que os pobos de ninguén que lles impoña nada: eles mesmos asumen íntegra e decididamente a defensa dos seus intereses posto que son eles os que xogan nelo o seu compango. E neste caso, ¿cómo se -- pode dicir que a "Autopista" é un "ben público" cando resulta que o mesmo "público" renega del con dureza e xenreira tal?.

Díranos aquilo de que sí pero é -- que ós pobos non teñen entendementos -- pra saber o que de verdade lles convén. A lería de sempre: soio os "profetas" -- teñen a razón.



(vai á pax 15)